

**1º PREMIO “VEN VEÑAS MAIO 2009**  
**Autor: Enrique Soliño Sande. IES A Xunqueira I**

**EXPLOTADOR**

Explotador de soños e de vidas alleas,  
que dos inocentes ollos te aproveitas.

Explotador, de motivos de guerras,  
violacións e cruéis mortes.

Eres o rei de minerais, das xoias inmundas  
das comunicacións e das mortais armas.

Vendes ós teus inquilinos, estúpidos hipócritas,  
cristais rotos, tinxidos por asasinados de picas.

Derramas as bágoas, coas  
que logo rega-lo odio que sembras.

Eres o ocaso da vida, e eres a siniestra mirada  
extorsionadora e partida da cara máis coidada.

Explotador que arrastras un velo de plagas  
e pesadelos apocalípticos, infernais e acorazados.

Espérante as túas sementes  
cheas de odios e mortes  
envenenadas coas frechas  
que arrouxaches.

E así, te golpearás  
contra o chan da túa torre de plomo,  
dende onde estridentemente  
aproveitácheste, mataches,  
maltrataches e roubaches ó prócimo  
e onde finalmente perecerás  
coñecendo as túas obras  
grotescas e penosas.